PROXECTO

orz4mentos
2019

INFORME
DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

XUNTA DE GALICIA

MEMORIA DOS ORZAMENTOS DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Deputacións

Contido

I. PRESENTACIÓN 7

II. ORZAMENTOS DE 2018 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA 11

III. INGRESOS 17

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA 19

III.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL 31

III.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2018 34

III.4. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN 40

III.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 41

III.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO 43

III.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 45

III.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 47

IV. GASTOS 49

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA 51

IV.2. ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2018 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS 62

IV.3. VARIABLES DE GASTOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL 68

IV.4. EVOLUCIÓN DE GASTOS DO PERÍODO 2013-2018 69

IV.5. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE GASTOS POR DEPUTACIÓN 74

IV.5.1. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA 75

IV.5.2. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO 79

IV.5.3. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE 83

IV.5.4. ORZAMENTO DE GASTOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA 87

V. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL (METODOLOXÍA SEC 95-SEC 2010) 91

V.1. PRINCIPAIS INDICADORES. TOTAL DEPUTACIÓNS 93

V.2. PRINCIPAIS INDICADORES EN TERMOS DE CONTABILIDADE NACIONAL DE CADA UN DOS ORZAMENTOS PROVINCIAIS ____ 94
V.2.1. ORZAMENTO DEPUTACIÓN DA CORUÑA ____ 94
V.2.2. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE LUGO ____ 95
V.2.3. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE OURENSE ____ 96
V.2.4. ORZAMENTO DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA ____ 97

PRESENTACIÓN

I. PRESENTACIÓN

A presente Memoria reflicte os Orzamentos iniciais das catro deputacións de Galicia para o ano 2018, de acordo ao disposto na disposición adicional terceira do Estatuto de Autonomía de Galicia, que establece que os orzamentos das deputacións provinciais galegas uniranse aos da Xunta, dentro do marco xeral de coordinación coas administracións locais de Galicia.

Esta Memoria pretende, ser un instrumento máis de coñecemento da realidade das facendas locais, neste caso do ámbito provincial, e proporcionar unha descrición dos orzamentos sinxela e sintética.

A Memoria soamente recolle a través de táboas e gráficos as principais magnitudes orzamentarias, divididas en dúas partes: ingresos e gastos, incluíndo unha serie coa evolución de catro variables principais, como o total do orzamento, os ingresos tributarios, os gastos de persoal e as operacións de capital, ao longo dos seis últimos anos (2013-2018).

Tamén se describen as finalidades dos gastos segundo a estrutura de programas, destacando as principais áreas e políticas, tanto a nivel do conxunto das catro deputacións como de cada unha delas por separado.

Engádese ao final os principais indicadores en termos de contabilidade nacional dos dous últimos anos.

ORZAMENTOS DE 2018 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Deputacións

II. ORZAMENTOS DE 2018 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS DE GALICIA

Os orzamentos que se presentan neste documento son os aprobados como iniciais para o ano 2018, para as catro deputacións galegas, presentados aquí de xeito sistemático e conxunto, coa mesma metodoloxía das memorias das deputacións dos anteriores orzamentos.

Nesta memoria se presentan os orzamentos das catro deputacións provinciais de Galicia e o orzamento suma das catro para o ano 2018, que acompañan aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2019. A fonte de información son os orzamentos das entidades analizadas, sendo esta Memoria unha breve presentación agregada dos datos contidos neles. Recoméndase para calquera dúbida ver a documentación completa que figura publicada nas páxinas web de cada deputación provincial. Con motivo dos cambios lexislativos dos últimos anos no eido orzamentario, sintetízanse en primeiro lugar as normas que regulan as facendas locais e os seus orzamentos.

Lexislación aplicable:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, lei reguladora das bases de réxime local, modificada pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local (LRSAL)
- R.D. lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, do texto refundido da lei reguladora das facendas Locais (artigos 162 a 171)
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, modificada pola LO 9/2013 do 20 de decembro de control de débeda comercial no sector público, sendo de aplicación o R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, REO, polo que se aproba o regulamento de desenvolvemento da Lei 15/2001, de 12 de decembro, de estabilidade orzamentaria, na súa aplicación ás Entidades locais.
- R.D. 1463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP
- R.D. 500/1990, de 20 de abril, regulamento orzamentario
- Os orzamentos preséntanse segundo o disposto na Orde 3565/2008 do 3 de decembro, que establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais, modificada pola Orde 419/2014, do 14 de marzo

No que respecta aos ingresos, atenderase ao ANEXO IV relativo á clasificación económica do ingreso, isto é, separando as operacións correntes, as de capital e as financeiras, de acordo coa estrutura de capítulos, artigos, conceptos e subconceptos. A clasificación dos gastos, recóllese nos anexos I ao III, o primeiro deles para a clasificación por programas o segundo para a táboa de equivalencias entre a clasificación da normativa anterior e a actual e o anexo III refírese á clasificación económica dos gastos.

A estrutura dos orzamentos tendo en conta a natureza económica dos seus ingresos e gastos e as finalidades e obxectivos que con estes últimos se pretendan conseguir. Igualmente poderán clasificar os gastos e ingresos atendendo á súa propia estrutura cos seus regulamentos ou decretos de organización, segundo o estipulado no artigo 2.

Os estados de gastos dos orzamentos das entidades locais clasificaranse cos seguintes criterios:

- Por programas. (dentro desta os gastos clasifícanse por Área de gasto / política de gasto / grupo de programa / programa de gasto)
- Por categorías económicas.
- Opcionalmente, por unidades orgánicas (non se recolle este criterio nesta memoria).

Nesta memoria soamente se presentan os gastos coas dúas clasificacións obrigatorias: por categorías económicas e por programas.

Os datos dos orzamentos están expresados en euros correntes de cada ano.

En primeiro lugar, represéntanse, cuns gráficos de sectores, as diferentes porcentaxes que o orzamento de cada deputación achega ao total das catro (toda Galicia), tanto en termos absolutos como en euros per cápita. (coa poboación a 1 de xaneiro de 2018, datos provisionais do Instituto Galego de Estatística).

Séguelle un resumo da estrutura de ingresos das facendas provincias galegas en 2018 recollendo as diferentes porcentaxes que os agregados de ingresos representan para o conxunto das catro deputacións e de cada unha delas. Ao que se engaden uns breves apuntamentos coa comparativa da estrutura de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia, e coas facendas provinciais do total de España.

A continuación reflíctense as principais liñas orzamentarias do orzamento de ingresos de 2018 e a súa comparativa co do ano 2017 do total deputacións e de cada unha delas por separado.

A descrición dos orzamentos provinciais comeza cunha distribución do total entre as catro e a comparativa co ano anterior, séguelle a presentación nunha táboa da distribución por capítulos e agregados orzamentarios principais do ano 2018, cos importes e porcentaxes respecto do total, xunto á comparativa co orzamento inicial do ano anterior, mostrando as variacións en porcentaxe, de cada capítulo e agregado.

Así mesmo reflíctese nunha gráfica a comparativa entre os dous últimos anos dos diferentes pesos porcentuais por capítulos.

Os orzamentos aquí reflectidos son os resultantes da consolidación entre os das deputacións e os organismos autónomos, segundo o disposto no artigo 147.1.c. da Lei 39/1988 e o artigo 12.b. do R.D. 500/1990, unha vez descontadas as transferencias internas.

Ao respecto, convén resaltar que desde o orzamento de 2013, producíronse importantes cambios, pola aplicación do principio de racionalización da administración e dos recursos públicos, coa simplificación da estrutura organizativa.

Neste informe os datos orzamentarios son os seguintes:

1. Deputación da Coruña. Orzamento: 178.950.000 €
2. Deputación de Lugo. Orzamento: 79.041.692 €
3. Deputación de Ourense. Deputación: 80.707.000€
   - Instituto Ourensán de Desenvolvemento Económico (INORDE): 1.936.714 €
- Consolidación: 83.611.993 €
4. Deputación de Pontevedra. Orzamento deputación: 156.872.300 €
   - Escola Universitaria de Enfermería, importe: 545.683 €
- Consolidación: 159.495.300 €

INGRESOS

III. INGRESOS

III.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O orzamento global das catro deputacións provinciais de Galicia para o ano 2018 presenta un lixeiro ascenso interanual, (1,8%), pasando dos 486,6 millóns de € de 2017 aos 495,6 do orzamento de 2018, isto é unha ascenso de 9 millóns. Pola contra houbo un aumento no índice xeral de prezos de consumo en Galicia no último ano (variación do 0,6% de xaneiro 2018 respecto a xaneiro de 2017).

Neste ano 2018 obsérvase un incremento interanual medio de 1,8% con respecto ao ano 2017. Por provincias, a conta da deputación de Lugo presenta unha minoración do -1,7%, mentres que nas tres restantes provincias os incrementos situáronse entre o 1,4% da Coruña e o 4,7% de Ourense.

INGRESOS ORZAMENTOS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

	2017	2018
A Coruña	176.515.000	178.950.000
Lugo	80.428.085	79.041.692
Ourense	77.119.000	80.707.000
Pontevedra	152.510.200	156.872.300
Galicia	486.572.285	495.570.992

No que respecta ao peso relativo de cada un dos orzamentos provinciais respecto do total, o orzamento coruñés segue a ser o de maior importe dos catro, representando o 36% do total, seguido do de Pontevedra, que achega co seu orzamento o 32% ao total das catro deputacións. pola outra banda están os orzamentos das dúas provincias menos poboadas, Lugo e Ourense cuxos orzamentos en 2018 representan o 16% en ambos casos sobre o total das catro.



Se temos en conta a variable poboacional, tomando, como en anos anteriores, os datos do Padrón municipal de habitantes, publicado polo IGE, coa poboación provisional a un de xaneiro de 2018, habería que sinalar en primeiro lugar un descenso de algo máis de 6.000 persoas en Galicia, descenso lixeiramente inferior ao dos últimos anos. Foi nas provincias de Ourense e Lugo nas que máis diminución tivo o dato de poboación provisional, tanto en valor absoluto como en taxa interanual.

A variable poboacional ademais reflicte que en termos per cápita, hai dous grupos claramente diferenciados, os de Lugo e Ourense, por unha banda, que son significativamente superiores á media de Galicia e aos das outras dúas deputacións.

Orzamentos deputacións provinciais en termos per cápita

	2017	2018
A Coruña	157,6	159,9
Lugo	241,2	238,6
Ourense	247,5	261,1
Pontevedra	161,8	166,6
Galicia	179,7	183,5

Os importes en termos de euros per cápita referidos á poboación de cada ano presentan incrementos no conxunto e nas provincias da Coruña, Ourense e Pontevedra ao igual que ocorre co orzamento. O incremento da media de Galicia é de 3,8 euro por habitante máis que en 2017.

Máis adiante, no apartado de evolución de ingresos preséntase a traxectoria dos últimos once anos tanto en valores absolutos como en termos de importes divididos pola poboación de cada ano.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de ingresos

Destácanse aquí, a grandes trazos as variacións de maior importe e relevancia ao comparar o orzamento inicial dos anos 2017 e 2018.

- No orzamento global das catro deputacións provinciais obsérvase que todos os capítulos aumentan respecto do ano anterior, agás dous: os capítulos V Ingresos Patrimoniais e o capítulo VII, de Transferencias de capital.
- Tras varios anos consecutivos de incrementos interanuais, este ano o agregado de ***ingresos tributarios*** sigue presentando un incremento do 3,5%, xa que pasou dos 100,1 millóns de euros aos 103,6 de 2018. O incremento provoca unha subida de peso porcentual na estrutura de ingresos, aínda que moderada, de tres décimas, chegando a representar a quinta parte do orzamento, o 20,9%.
- O capítulo I ***impostos directos*** no que se inclúen os recursos esixidos sen contraprestación cuxo feito impoñible estea constituído por negocios, actos ou feitos de natureza xurídica ou económica, que poñan de manifesto a capacidade contributiva do suxeito pasivo, como consecuencia da posesión dun patrimonio ou a obtención de renda, presenta a maior taxa de incremento, pasando dos 38,9 millóns aos 39,8 de 2018, cun incremento interanual porcentual do 2,5%. É o segundo recurso na estrutura de ingresos das catro deputacións (sen ter en conta as transferencias), xa que presenta unha porcentaxe do 8% sobre o total de ingresos.
- Este capítulo comprende a cesión provincial sobre o Imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF)e máis as recargas sobre impostos directos de outros entes locais, Imposto sobre Actividades económicas (IAE) sobre todo.
- No orzamento de 2018 como en anos anteriores móstrase un incremento do capítulo IV: as ***transferencias correntes*** medran en 5,5 millóns de euros para o total das catro deputacións, que representa un incremento porcentual do 1,4%. Pasan dos 380,6 millóns de 2017 aos 386,1 millóns no 2018. O peso porcentual deste capítulo é o de maior presenza e pasa do 78,2% en 2017 ao 77,9% . É dicir 78 euros de cada 100 dos orzamentos das corporacións provinciais galegas proceden directamente do Estado, sendo o Fondo Complementario de financiamento a achega máis importante en todos os orzamentos. das corporacións locais.
- O ***capítulo IV*** aumenta nos orzamentos das deputacións provinciais, agás no orzamento da deputación de Lugo, cunha minoración porcentual do 1,1%. Nas outras 3 contas provinciais hai aumentos das transferencias de capital, que oscilan entre o 0,4% de taxa de incremento interanual da Coruña ao 4,5% do orzamento ourensá.
- Mantemento da cifra de Operacións correntes, que con 490,9 millóns de euros representan case a totalidade do orzamento de ingresos, cunha porcentaxe do 99,1% sobre o total. Este agregado soamente diminúe ao comparalo co do ano anterior no orzamento da Deputación de Lugo, reflectindo o resto de orzamentos provinciais incrementos interanuais.

- As ***transferencias de capital*** experimentan unha lixeira minoración do 1,0%, de 16.718,10 euros; debido á caída deste capítulo na deputación de Lugo.
- O ascenso do importe do agregado de operacións de capital (capítulos VI e VII) produciuse en Ourense e Pontevedra, mentres que en Lugo e Coruña houbo un forte descenso interanual.
- No que respecta ás ***operacións financeiras***, ao igual que en anos anteriores, non hai consignación de capítulo IX e produciuse un ascenso do capítulo VIII, de variación de activos financeiros, do 14,3%, e de 301.150 euros.

Por deputacións, es ingresos da de Ourense ascenderon en todos os capítulos agás o de Taxas e Outros (capítulo III) e o capítulo de Ingresos Patrimoniais (Capítulo V), o orzamento lucense presenta maior variabilidade xa que tres capítulos medran e catro diminúen, aínda que a maior diferenza no seu orzamento de 2018 radica nunha forte redución do capítulo VII, de Transferencia de capital, que pasou dos 1,5 millóns en 2017 aos 200 mil euros de 2018, un 86,4% menos, que fai que tamén diminúa de xeito considerable a porcentaxe deste tipo de ingresos de natureza tributaria na súa composición de ingresos, pasando do 1,8% ao 0,3%.

Nos orzamentos da deputación da Coruña, os únicos capítulos que non crecen son o V e o VI, de Ingresos Patrimoniais e Alleamento Investimentos Reais, cunhas taxas de decrecemento do 48,0 % e do100% respectivamente. O maior incremento corresponde ao capítulo III, de taxas e outros ingresos cun 13,3%, 1,2 millóns de euros .

O orzamento pontevedrés obsérvase que é o único dos catro no que tanto o agregado de ingresos tributarios, como cada un dos tres capítulos que o conforman (impostos directos, indirectos e taxas e outros ingresos) presentan cifras superiores ao orzamento de 2017. As taxas de incremento interanual son do 1,6% para os impostos (capítulos I e II) e do 5,6% para as taxas. Como consecuencia o agregado de ingresos tributarios do orzamento de Pontevedra elévase aos 36, 3 millóns de euros, cunha taxa de crecemento do 2,7%. Ademais, cómpre sinalar que é no orzamento pontevedrés no que os ingresos de natureza tributaria teñen o segundo maior peso relativo na estrutura de ingresos, chegando a representar o 23,1% do total de ingresos, tres décimas por debaixo do peso no orzamento da Coruña.


Deputación de Pontevedra
80%
70%
60%
50%
40%
30%
20%
10%
0%
PORCENTAXES
8,1%
8,1%
6,9%
74,9%
0,5%
0,4%
0,3%
0,8%
0,0%
I
II
III
IV
V
VI
VII
VIII
IX
CAPÍTULOS
2017
2018

Principais características da estrutura de ingresos

A composición do orzamento das catro deputacións, presenta as seguintes liñas xerais:

- case a totalidade do orzamento son operacións non financeiras,.
- son as operacións correntes as que representan a gran maioría dos ingresos, co 99,1% do total
- as operacións de capital e as financeiras soamente representan o 0,5% cada unha



- Case a totalidade, o 99,1% do total dos orzamentos da catro deputacións provinciais de Galicia, 491 millóns de euros, son ingresos de operacións correntes, que comprenden os capítulos do I ao V. Destes ingresos:
  - A partida máis cuantiosa é o capítulo IV, de transferencias e de participación nos tributos estatais, que é o de maior peso porcentual na estrutura de ingresos, co 77,9% do orzamento das catro deputacións e unha cifra de 386 millóns de euros.
  - Os ingresos tributarios, capítulos I, II e III, representan o 20,9% do total, cun importe de 103,6 millóns de euros
  - Os ingresos do capítulo V, patrimoniais, non chegan ao 1% de peso porcentual na estrutura de ingresos das deputacións provinciais galegas.

TOTAL DEPUTACIÓNS. ESTRUTURA DE INGRESOS. Ano 2018		
ORZAMENTO DE INGRESOS (€)	**IMPORTE**	**%**
Operacións non financeiras	493.163.591	99,5%
Operacións correntes	490.886.371	99,1%
Operacións de capital	2.277.220	0,5%
Operacións financeiras	2.407.401	0,5%
TOTAL	**495.570.992**	**100,0%**
Detalle		
Ingresos tributarios (I, II, III)	103.558.424	20,9%
Transf. correntes (IV)	386.082.749	77,9%
Ingresos patrimoniais (V)	1.245.197	0,3%
Operacións de capital (VI, VII)	2.277.220	0,5%
Operacións financeiras (VIII, IX)	2.407.401	0,5%
TOTAL	**495.570.992**	**100,0%**

- Soamente o 0,5% son ingresos de capital, cun importe de 2,3 millóns de euros (capítulos VI e VII). Este agregado tivo un aumento de peso relativo na estrutura de 0,1 punto, derivado do incremento do alleamento en investimentos reais.
- Por último, as operacións financeiras representan soamente o 0,5% do total dos recursos, cunha cifra de 2,4 millóns de euros e cun crecemento do 14,3%, na que soamente ten dotación inicial o capítulo VIII de variación de activos financeiros.

TOTAL DEPUTACIÓNS ORZAMENTO DE INGRESOS

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	38.861.008	8,0%	2,5%	39.816.833	8,0%
II. Impostos Indirectos	35.097.340	7,2%	2,6%	36.022.465	7,3%
III. Taxas e Outros ingresos	26.119.334	5,4%	6,1%	27.719.126	5,6%
Ingresos tributarios	*100.077.681*	*20,6%*	*3,5%*	*103.558.424*	*20,9%*
IV. Transferencias Correntes	380.607.957	78,2%	1,4%	386.082.749	77,9%
V. Ingresos Patrimoniais	1.702.058	0,3%	-26,8%	1.245.197	0,3%
Operacións correntes	**482.387.696**	99,1%	1,8%	**490.886.371**	99,1%
VI. Alleamento Investimentos Reais	455.900	0,1%	47,3%	671.500	0,1%
VII. Transferencias de Capital	1.622.438	0,3%	-1,0%	1.605.720	0,3%
Operacións de capital	**2.078.338**	0,4%	9,6%	**2.277.220**	0,5%
Operacións non financeiras	**484.466.034**	99,6%	1,8%	**493.163.591**	99,5%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	2.106.251	0,4%	14,3%	2.407.401	0,5%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	**2.106.251**	0,4%	14,3%	**2.407.401**	0,5%
TOTAL INGRESOS	**486.572.285**	**100%**	**1,8%**	**495.570.992**	**100%**

En resumo, son os Ingresos por operacións correntes a principal fonte de recursos dos orzamentos provinciais. O capítulo de ***transferencias correntes,*** supera as *tres cuar-*

tas partes do total dos recursos, nas que a principal partida é a transferencia da Administración Xeral do Estado, en concepto de participación nos tributos do Estado, sendo ***Fondo complementario de financiamento*** a partida máis cuantiosa. En segundo lugar, son os ingresos procedentes dos tributos provinciais e recargo doutros impostos (impostos e taxas e prezos públicos) os que achegan ás arcas provinciais *a quinta parte do total de recursos* orzamentarios. O que pon de manifesto como o mantemento destas entidades recae cada vez máis sobre a cidadanía.



No que respecta á diferente composición do orzamento de ingresos de cada deputación, a grandes trazos presentan unha estrutura de ingresos moi similar á do conxunto.



O capítulo IV de transferencias correntes, oscila entre o 74,9% do total de ingresos no orzamento provincial de Pontevedra e o 83,6% no de Lugo.

Os ingresos tributarios que son a segunda das fontes de financiamento da facenda provincial, cunha media do 20,9% de porcentaxe do total, varía a súa proporción entre o

23,4% que presentan este tipo de ingresos no orzamento coruñés e o 15,6% no de Lugo, no que como se sinalou anteriormente produciuse xa a cancelación das liquidacións pendentes coa Consellería de Sanidade polo traspaso do antigo hospital provincial á xestión autonómica e a redución da tarifa do servizo de recadación aos Concellos.

Os datos respecto ao total de operacións correntes non presenta case variacións entre uns orzamentos e outros dado a alta porcentaxe que representan nas catro deputacións, sendo a porcentaxe máis baixa a do orzamento pontevedrés, co 98,4% e case o total de ingresos no coruñés.



No que se refire ás operacións de capital, investimentos reais (capítulo VI) e transferencias de capital (capítulo VII) o maior peso porcentual correspóndelle ao orzamento provincial de Ourense, no que estes ingresos se estima que alcancen o 1,1% do total de recursos.

A estrutura de ingresos das corporacións provinciais galegas presentan características similares aos orzamentos do resto de entidades locais. Debido ás diferentes figuras impositivas entre ambos tipos de entidades locais, se poden observar certas diferenzas na composición de ingresos dos orzamentos dos concellos de Galicia para o ano 2018, segundo os datos provisionais obtidos do Ministerio de Hacienda.

- As operacións correntes orixinan a maior parte dos seus recursos, nos concellos, pero a porcentaxe non é tan elevada como nas deputacións, con 7 puntos porcentuais menos de porcentaxe que nos orzamentos das deputacións (99,1%). No orzamento consolidado das Entidades locais galegas a porcentaxe queda no 94,6%.
- os recursos procedentes de ingresos de capital teñen maior presenza nos orzamento dos concellos: un 6% fronte ao 0,4% nas deputacións. O dato do orza-

mento consolidado das EELL queda no 3,7% de ingresos por transferencias de capital e alleamento de investimentos reais.

- o mesmo coas operacións financeiras, coas que estiman ingresar o 1,9% do total dos seus recursos nos orzamentos municipais mentres que nas deputacións non chegan ao 1%, reflectindo o orzamento consolidado o 1,7% de recursos procedentes de variacións de activos e pasivos financeiros.



No gráfico seguinte visualízanse os ingresos tributarios e as transferencias correntes que son as compoñentes da estrutura de ingresos con maior presenza. É significativa a achega que no caso dos orzamentos provinciais teñen as transferencias correntes.



Ao comparar as estruturas orzamentarias (de concellos, deputacións e consolidado de entidades locais) a un maior nivel de desagregación, as diferenzas son máis acusadas, xa que os dous agregados de ingresos de maior peso porcentual en ambas estruturas son os mesmo pero con resultados diferentes.

- os ingresos tributarios para o conxunto de orzamentos dos concellos galegos representan máis da metade dos seus recursos, achegando o 55% do total, fronte ao 21% das facendas provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais o agregado de ingresos de natureza tributaria representa tamén máis da metade dos recursos, cunha porcentaxe do 51%.
- Sen embargo as transferencias correntes teñen un peso menor nos orzamentos municipais, nos que o capítulo IV representa o 37% do total de ingresos, fronte ao 78% nos orzamentos das deputacións provinciais. No orzamento consolidado das entidades locais galegas a porcentaxe na estrutura de ingresos queda no 43%.

No gráfico seguinte se aprecian os agregados que menor achega representan nos orzamentos das entidades locais galegas, para poder reflectir mellor as diferenzas, entre os orzamentos dos diferentes entes locais, municipais e provinciais e outras entidade locais. Compróbase así que é nos concellos onde os ingresos por operacións de capital teñen máis presenza, representando o 6% do seu total de ingresos; fonte ao esquema do orzamento de ingresos nas deputacións no que estes tres agregados teñen un peso porcentual de 0,2%, 0,4% e 0,0%.



Outro apunte que pode resultar interesante estriba na comparativa da estrutura de ingresos das facendas provinciais galegas co valor nacional, obtido dos datos provisionais do Ministerio de Hacienda, do que se extraen as seguintes liñas principais:



- os ingresos por operacións correntes son o de maior agregado de ingresos, non reflicten un dato tan elevado a nivel nacional como en Galicia, o que significa que as outras dúas variables teñan máis peso.
- así, no dato nacional o total de operacións correntes representa o 88% do total de recursos das facendas provinciais, as operacións de capital, achegan case ao 5% do orzamento e as operacións financeiras, representan o 8% do total dos orzamentos de ingresos.
- Das operacións de capital case a totalidade son as transferencias para investimentos de capital (capítulo VII) e no relativo aos dous capítulos que forman o agregado de operacións financeiras, dicir que ambos achegan unha porcentaxe similar ao total de ingresos.
- Ademais, os ingresos tributarios, teñen unha representación maior na estrutura de ingresos das facenda a nivel nacional, xa que representan o 28% do total de ingresos (7 puntos porcentuais máis que en Galicia), mentres que polo contrario, o capítulo IV de transferencias correntes, non ten un peso tan elevado como en Galicia, aínda que tamén é o capítulo de maior peso relativo na súa estrutura de ingresos, co 59%.
- Nos datos de orzamentos das deputacións a nivel nacional non se tiveron en conta os orzamentos do País Vasco pola diferente normativa fiscal.

III.2. VARIABLES DE INGRESOS EN RELACIÓN COA POBOACIÓN PROVINCIAL

Como resumo dos principais agregados de ingresos do orzamento inicial de 2018, expresados en termos de euros por habitante, sinálanse as seguintes características:

O **total de ingresos** consignados ascende a 183,5 euros por habitante, 3,8 euro máis ao dato de 2017, ocasionado polo lixeiro incremento da cifra de ingresos e polo descenso poboacional. Como en anos anteriores os datos dos orzamentos das dúas provincias menos poboadas son maiores ca media de Galicia, superándoa amplamente, con 238,6 e 261,1 €/habitante respectivamente para Lugo e Ourense.

O importe en termos de euros por habitante na deputación de Lugo sufriu unha diminución, sendo 2,6 euros menos o total de ingresos por habitante deste ano 2018 ao consignado no orzamento inicial de 2017.

O dato da Coruña é o menor dos catro, e reflicte un aumento de 2,3 euros máis que o dato de 2017, ao reflectir unha alza a súa cifra de ingresos e o de Pontevedra incrementase nunha cifra de 4,8 respecto á do ano anterior.



A composición dos ingresos en temos per cápita resúmese do seguinte xeito:

Na cifra de ***ingresos tributarios*** obsérvase que houbo un incremento de 1,4 euros para a media de Galicia en 2018 respecto a 2017, ata os 38,3 euros per cápita. Debido ao ascenso de todas as deputacións..O dato de ingresos tributarios por habitante para o orzamentos de Pontevedra é similar ao da media de Galicia, situándose os da Coruña e Lugo lixeiramente por debaixo e o de Ourense por enriba.

Como xa se viu os ingresos de natureza tributaria teñen as porcentaxes máis elevadas nos orzamentos da Coruña e Pontevedra, ao redor do 23%, mentres que os doutros orzamentos provinciais, son de 19,2% e 17,7%.

VARIABLES E RATIOS ECONÓMICO-FINANCEIRAS
ANO 2018 INGRESOS

Euros por habitante e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Galicia
Ingresos Totais (IT)	159,9	238,6	261,1	166,6	183,5
Ingresos Tributarios (I+II+III)	37,4	37,2	42,4	38,5	38,3
% ITR / IT	23,4%	15,6%	16,2%	23,1%	20,9%
Transferencias Correntes (IV)	121,9	199,5	214,1	124,7	142,9
% TC / IT	76,2%	83,6%	82,0%	74,9%	77,9%
Operacións Correntes (I ao V)	159,5	237,1	257,2	164,0	181,7
% OC / IT	99,7%	99,4%	98,5%	98,4%	99,1%
Operacións de capital (VI+VII)	0,0	0,6	3,0	1,2	0,8
% TDC / IT	0,0%	0,3%	1,1%	0,7%	0,5%
Operacións Financeiras (VIII+IX	0,4	0,9	1,0	1,4	0,9
% IF / IT	0,3%	0,4%	1,0	0,8%	0,5%



As ***transferencias correntes***, capítulo IV, que é o capítulo de maior importe, presenta unha cifra de 142,9 € por habitante para a media de Galicia, 2,4 euros máis ca en 2017. Malia o descenso producido no orzamento de Lugo, este segue presentando un dos datos máis altos, que roldan os 200 euros por habitante, sendo Ourense o máis alto , 214,1 euros por habitante. Os datos das outras dúas provincia é menor, con 121,9 na Coruña e 124,7 nas provincias da Coruña e Pontevedra.

Lémbrese que este capítulo é o de maior presenza na composición dos ingresos das entidades provinciais, xa que máis das tres cuartas partes dos recursos das facendas provinciais de Galicia teñen a súa orixe nas transferencias correntes, nas que a partida máis importante é a participación nos tributos do Estado, que se ampliou aínda máis este ano.

A suma das variables anteriores máis o capítulo de ingresos patrimoniais, conforman o agregado de **ingresos por operacións correntes**, que presentan unha cifra media de 181,7 €/habitante, 3,6 euro máis ca en 2017, aínda que este conxunto de capítulos mantivo a súa cifra en valores absolutos. Como xa é habitual e como consecuencia do dito ata agora, os orzamentos das dúas provinciais con menor poboación son as que presentan valores por encima da media, con 237,1 e 257,2 euros por habitante respectivamente de Lugo e Ourense. Os da Coruña e Pontevedra están por debaixo e roldan os 160 €/habitante. Este dato incrementouse en todos orzamentos provinciais, sendo en Ourense onde se produce a maior subida.

As ***operacións de capital***, capítulos VI e VII, que tiveron unha diminución en dous orzamentos: A Coruña e Lugo, sendo os casos de Ourense e Pontevedra os que medaron neste capítulo. Presentan un resultado medio de 0,8 euros per cápita, manténdose igual que en 2017. Os valores oscilan entre os 3 euros por habitante no orzamento de Ourense aos 0,0 euros do orzamento coruñés.

A porcentaxe sobre o total de ingresos é do 0,5% para a media de Galicia e soamente no orzamento ourensán se supera o 1%.

Por último nesta táboa, as ***operacións financeiras*** (capítulos VIII e IX), presentan a mesma porcentaxe que as operacións de capital, para a media de Galicia o importe é de 0,9 euros por persoa, oscilando entre 0,4 euros por habitante na Coruña e 1,4 en Pontevedra.

III.3. EVOLUCIÓN DE INGRESOS DO PERÍODO 2013-2018

De seguido preséntase unha síntese da senda que reflicten os orzamentos iniciais das deputacións galegas nos últimos 6 anos, do ano 2013 ao 2018, referida ao total de recursos consignados e aos ingresos tributarios.

Tras o contexto global de crise e recesión económica que tiña provocado unha diminución nos recursos das facendas provinciais, obsérvase que desde o ano 2013 en termos xerais os orzamentos provinciais experimentan unha traxectoria crecente e constante, para o total das catro deputacións, agás o lixeiro descenso do ano 2017.

Como se pode observar foi o ano 2018 o de maior valor da cifra orzamentaria, con 495,6 millóns de euros, superior en 37,2 millóns á cifra do ano 2013 e 16,8 máis que a media destes 6 anos, que se sitúa para o conxunto dos 6 orzamentos en 478,8 millóns de euros.



O resultado da evolución desta serie ofrece os seguintes trazos: o orzamento lucense presenta taxas negativas en 2014, 2017 e 2018. O orzamento de Pontevedra tivo un crecemento xeral ao longo desta serie salvo no ano 2014 que tivo unha diminución do 1,4%. O único orzamento que tivo crecementos todos os anos deste período foi o da Coruña, cun resultado dunha taxa de crecemento interanual do 2,7% pasando dos 156,7 millóns de 2013 ao 179,0 de 2018, do que se deduce que o crecemento dos 37,2 millóns no conxunto das catro deputacións foi debido, sobre todo, ao crecemento do orzamento coruñés . Por último no orzamento de Ourense houbo unha taxa media de incremento anual do 4%, sendo negativa a taxa do ano 2017 (-2,9%).

TOTAL ORZAMENTO INGRESOS

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Incremento interanual medio
A Coruña	156,7	157,6	171,3	175,6	176,5	179,0	2,7%
Lugo	86,7	82,2	83,9	83,9	80,4	79,0	-1,8%
Ourense	66,5	73,8	77,4	79,5	77,1	80,7	4,0%
Pontevedr	148,6	146,5	148,6	152,1	152,5	156,9	1,1%
Galicia	**458,4**	**460,1**	**481,2**	**491,0**	**486,6**	**495,6**	1,6%

En canto aos importes do total de ingresos obsérvase que os orzamentos das ´provincias máis poboadas, Coruña e Pontevedra, son as que reflicten os maiores importes, case o dobre da cifra das de Lugo e Ourense.



Ao observar a evolución do total de ingresos por habitante, compróbase que a tendencia de crecemento é similar á comentada para os valores absolutos, tendo en conta que ademais houbo un descenso poboacional no período. Para a media de Galicia pasouse de 162,8 euros por habitante en 2013 a 183,5 do ano 2018.



Ao describir a traxectoria de cada un dos orzamentos provinciais en termos per cápita, o primeiro que se observa é a existencia de dous grupos, como no total de ingresos en termos absolutos, aínda que neste caso, os valores máis altos corresponden aos orzamentos das provincias menos poboadas, Lugo e Ourense.

No caso lucense pasou de ser a cifra máis alta da serie con 261 euros por habitante en 2013 a presentar 241,2 en 2018, cifra superada polo resultado de dividir o orzamento pola poboación en Ourense, onde se pasou de 216 a 261,1 euros por habitante.

Os resultados en Coruña e Pontevedra flutuaron entre 138 euros/habitante no ano 2013 en Coruña aos 159,9 de 2018. En Pontevedra, no ano 2013 acádase un valor de 160 euros por habitantes e no ano 2018 o valor ascende a 166,6 euros.



	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	138,0	139,0	152,0	156,4	157,6	159,9
Lugo	261,0	250,8	239,9	247,4	249,4	241,2
Ourense	216,0	204,0	229,0	243,0	247,5	261,1
Pontevedra	160,0	156,0	154,0	157,0	161,8	166,6

A evolución da cifra de ***ingresos tributarios*** (impostos directos, indirectos e máis as taxas, prezos públicos e outros ingresos) presentou un crecemento nos anos do período 2013-2018 de maior intensidade ca o total de ingresos, presentando unha taxa de crecemento medio interanual do 3,6% para o total das catro deputacións. O primeiro ano da serie apenas presenta variación, mais a partir dese ano houbo crecementos constantes ata a caída manifestada en 2017, incrementándose de novo en 2018.

A cifra medida para o total de Galicia oscilou entre os 86,8 millóns de euros de 2013 aos 103,6 de 2018.



Obsérvase, así mesmo que o crecemento destes ingresos foi máis elevado que o do total, o que provoca que a porcentaxe deste tipo de ingresos de natureza tributaria (capítulos de impostos directos, indirectos e taxas e outros) crecera lixeiramente nestes 6 anos do período observado, pasando de representar o 18,9% do total de ingresos en 2013 ao 20,9% de 2018.



A evolución de ambos agregados de ingresos reflíctese no gráfico seguinte:



As traxectorias da cifra de ingresos tributarios presentan diferencias entre uns orzamentos provinciais e outros, sendo o orzamento de Ourense no que se aprecia un maior crecemento, xa que pasou de ter a cifra máis baixa, con 8,3 millóns de euros en 2013 a 13,1 en 2018, reflectindo unha taxa media de incremento interanual do 9,5%. No orzamento de Lugo houbo un descenso do agregado de ingresos tributarios do 4,5% de media anual, de maior intensidade que o descenso na cifra orzamentaria, sendo a maior parte do descenso no exercicio de 2017, é provocado pola finalización do ingreso polo antigo hospital provincial. No ano 2018 prodúcese un lixeiro incremento do 5,5% no orzamento dos ingresos.

A cifra de ingresos tributarios consignada nos orzamentos iniciais da deputación da Coruña reflicte un incremento cunha taxa media do 5,7% superior á taxa de incremento do seu total de ingresos, e ademais é o orzamento que presenta a cifra máis alta.

INGRESOS TRIBUTARIOS
Millóns de euros

	2013	2014	2015	2016	2017	2018	Inc. Interanual medio
A Coruña	31,7	31,3	39,0	41,0	40,0	41,9	5,7%
Lugo	15,6	15,6	16,7	16,1	11,7	12,3	-4,5%
Ourense	8,3	8,3	13,8	14,1	13,1	13,1	9,5%
Pontevedra	31,2	31,2	34,3	34,0	35,3	36,3	3,1%
Galicia	**86,8**	**86,3**	**103,8**	**105,2**	**100,1**	**103,6**	3,6%

Finalmente en Pontevedra a traxectoria foi de crecemento continuado agás no ano 2016 onde se produciu un leve descenso do 0,8%. O resultado da variación entre os anos extremos da serie foi dun crecemento interanual a unha taxa media do 3,1%.



Ao ter en conta o tamaño poboacional, obsérvase que no ano 2018 a cifra de ingresos tributarios por habitante rolda os 40 euros en todas as deputacións, situación que non se observaba en anos anteriores.

No orzamento lucense obsérvase que entre 2013 e 2016 estes ingresos por habitantes foron maiores que no resto de deputacións. A caída resitrada en 2017 igualou este concepto coas demais deputacións.



	2013	2014	2015	2016	2017	2018
A Coruña	28	28	35	37	36	37
Lugo	50	45	47	52	35	37
Ourense	23	25	41	43	42	42
Pontevedra	34	33	32	36	37	39

O orzamento de Ourense foi o de menor cifra no dous primeiros anos 2013 e 2014, a partir dese exercicio, presenta unha importante evolución á alza, superando os dato dos orzamentos das restantes provincias. Finalmente no ano 2018, o de maior importe desta variable en termos de euros per cápita .

Os cambios para a serie da Coruña foron menos acusados, aínda que tamén mostrou un crecemento en todos os anos da serie, agás en 2017. O dato de Pontevedra manifes-

tou descensos nos dous primeiros anos, aínda que partía da segunda cifra máis alta das catro deputacións.

III.4. INTRODUCIÓN AOS ORZAMENTOS INDIVIDUAIS DE INGRESOS POR DEPUTACIÓN

A continuación descríbense graficamente, de xeito individual, os orzamentos de ingresos de cada unha das deputacións provinciais, coa seguinte secuencia de datos expresivos das principais variables orzamentarias:

- En primeiro lugar, descríbese nunha mesma páxina a estrutura básica dos ingresos, unha táboa sintética que recolle os importes de operacións correntes e de capital, que conforman os ingresos non financeiros; e as súas porcentaxes respecto do total. Así mesmo figuran os gráficos de distribución dos diferentes compoñentes de ingresos.
- En segundo lugar, figura a táboa comprensiva do orzamento inicial 2018, e a comparación co orzamento do ano 2017. Así mesmo figura un gráfico coas diferentes porcentaxes de cada capítulo de ingresos nestes dous últimos anos.

III.4.1. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA





DEPUTACIÓN DA CORUÑA
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	16.554.059	9,4%	1,8%	16.849.442	9,4%
II. Impostos Indirectos	14.253.765	8,1%	2,4%	14.600.218	8,2%
III. Taxas e Outros ingresos	9.216.442	5,2%	13,3%	10.439.338	5,8%
Ingresos tributarios	*40.024.266*	*22,7%*	*4,7%*	*41.888.998*	*23,4%*
IV. Transferencias Correntes	135.782.240	76,9%	0,4%	136.365.949	76,2%
V. Ingresos Patrimoniais	375.245	0,2%	-48,0%	195.054	0,1%
Operacións correntes	**176.181.750**	99,8%	1,3%	**178.450.000**	99,7%
VI. Alleamento Investimentos Reais	134.400	0,1%	-100,0%	0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	0			0	
Operacións de capital	**134.400**	0,1%		**0**	0,0%
Operacións non financeiras	**176.316.150**	99,9%	1,2%	**178.450.000**	99,7%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	198.850	0,1%	151,4%	500.000	0,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0			0	
Total Operacións financeiras	**198.850**	0,1%	151,4%	**500.000**	0,3%
TOTAL INGRESOS	**176.515.000**	**100%**	**1,4%**	**178.950.000**	**100%**



III.4.2. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO





DEPUTACIÓN DE LUGO
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	5.286.416	6,6%	5,5%	5.579.254	7,1%
II. Impostos Indirectos	4.559.973	5,7%	2,5%	4.676.117	5,9%
III. Taxas e Outros ingresos	1.830.353	2,3%	12,9%	2.066.625	2,6%
Ingresos tributarios	*11.676.742*	*14,5%*	*5,5%*	*12.321.996*	*15,6%*
IV. Transferencias Correntes	66.842.058	83,1%	-1,1%	66.095.912	83,6%
V. Ingresos Patrimoniais	130.000	0,2%	-5,5%	122.882	0,2%
Operacións correntes	**78.648.800**	97,8%	-0,1%	**78.540.790**	99,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	0	0,0%	0,0%	0	0,0%
VII. Transferencias de Capital	1.479.285	1,8%	-86,4%	200.902	0,3%
Operacións de capital	**1.479.285**	1,8%	-86,4%	**200.902**	0,3%
Operacións non financeiras	**80.128.085**	99,6%	-1,7%	**78.741.692**	99,6%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	
Operacións financeiras	**300.000**	0,4%	0,0%	**300.000**	0,4%
TOTAL INGRESOS	**80.428.085**	**100%**	**-1,7%**	**79.041.692**	**100%**



III.4.3. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE OURENSE





DEPUTACIÓN DE OURENSE
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	4.300.000	5,6%	7,1%	4.605.000	5,7%
II. Impostos Indirectos	3.900.000	5,1%	3,3%	4.030.000	5,0%
III. Taxas e Outros ingresos	4.883.736	6,3%	-8,7%	4.458.461	5,5%
Ingresos tributarios	*13.083.736*	*17,0%*	*0,1%*	*13.093.461*	*16,2%*
IV. Transferencias Correntes	63.335.049	82,1%	4,5%	66.182.047	82,0%
V. Ingresos Patrimoniais	236.063	0,3%	-7,0%	219.512	0,3%
Operacións correntes	**76.654.847**	99,4%	3,7%	**79.495.020**	98,5%
VI. Alleamento Investimentos Reais	21.000	0,0%	0,0%	21.000	0,0%
VII. Transferencias de Capital	143.153	0,2%	522,4%	890.980	1,1%
Operacións de capital	**164.153**	0,2%	455,6%	**911.980**	1,1%
Operacións non financeiras	**76.819.000**	99,6%	4,7%	**80.407.000**	99,6%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	300.000	0,4%	0,0%	300.000	0,4%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Operacións financeiras	**300.000**	0,4%	0,0%	**300.000**	0,4%
TOTAL INGRESOS	**77.119.000**	**100%**	**4,7%**	**80.707.000**	**100%**



III.4.4. ORZAMENTO DE INGRESOS DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA





DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
ORZAMENTO DE INGRESOS

(euros)

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Impostos Directos	12.720.533	8,3%	0,5%	12.783.136	8,1%
II. Impostos Indirectos	12.383.602	8,1%	2,7%	12.716.131	8,1%
III. Taxas e Outros ingresos	10.188.803	6,7%	5,6%	10.754.703	6,9%
Ingresos tributarios	*35.292.938*	23,1%	2,7%	*36.253.970*	23,1%
IV. Transferencias Correntes	114.648.611	75,2%	2,4%	117.438.841	74,9%
V. Ingresos Patrimoniais	960.750	0,6%	-26,3%	707.750	0,5%
Operacións correntes	**150.902.299**	98,9%	2,3%	**154.400.561**	98,4%
VI. Alleamento Investimentos Reais	300.500	0,2%	116,5%	650.500	0,4%
VII. Transferencias de Capital	0	0,0%	#¡DIV/0!	513.838	0,3%
Operacións de capital	**300.500**	0,2%	287,5%	**1.164.338**	0,7%
Operacións non financeiras	**151.202.799**	99,1%	2,9%	**155.564.899**	99,2%
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	1.307.401	0,9%	0,0%	1.307.401	0,8%
IX. Variación Pasivos Financeiros	0	0,0%		0	0,0%
Total Operacións financeiras	**1.307.401**	0,9%	0,0%	**1.307.401**	0,8%
TOTAL INGRESOS	**152.510.200**	**100%**	**2,9%**	**156.872.300**	**100%**



GASTOS

IV. GASTOS

IV.1. PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS DOS ORZAMENTOS PROVINCIAS. TOTAL DEPUTACIÓNS/GALICIA

O importe de gastos iguálase ao de ingresos ao presentarse os catro orzamentos equilibrados, cunha cifra de 495,6 millóns de euros e un incremento do 1,8%.

Principais cambios respecto ao ano anterior nos orzamentos de gastos.

Sinálanse aquí os cambios máis salientables respecto do orzamento de 2017.

Como se dicía no apartado de ingresos, o total da cifra orzamentaria aumentou 9 millóns respecto á cifra de 2017 para o orzamento suma dos catro provinciais.

En primeiro lugar destaca que cinco capítulos da composición de gastos reflicten incremento interanual: o capítulo I Gastos de persoal (capítulo I), o de Compra de bens correntes e servizos (capítulo II), o de transferencias correntes (capítulo IV), o de Fondo de continxencia e imprevistos (capítulo V) e o de Variación de activos financeiros (capítulo VIII). O resto tiveron descensos.

O *capítulo I incrementouse case en 6 millóns de euros alcanzando 142,6 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 4,3%.* Con este crecemento consolídase como o primeiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 28,8%, é dicir, 0,7 puntos porcentuais máis ca en 2017.

O ***capítulo II*** incrementouse en 1,9 millóns de euros, ata chegar á cifra de 88,1 millóns de euros para as catro deputacións, cunha taxa interanual do 2,3%. Con este crecemento consolídase como o terceiro destino dos orzamentos provinciais, cunha porcentaxe na estrutura de gastos do 17,8%, é dicir, 0,1 puntos porcentuais máis ca en 2017.

O incremento da cifra deste capítulo II é consecuencia do incremento nas deputacións da Coruña e Pontevedra, con taxas do 4,8% e 7,0% respectivamente, mentres que en Lugo e Ourense producíronse caídas do 0,2% e do 5,7%. A deputación para na que este capítulo presenta maior peso é a de Ourense cunha porcentaxe sobre o total de gastos do 23,4%. É dicir, no orzamento ourensán reflíctese que a estimación dos gastos do ano 2018 dan que de cada 100 euros de gasto, 23,4 destinaranse á compra de bens correntes e servizos.

TOTAL DEPUTACIÓNS
ORZAMENTO DE GASTOS

(euros)

CAPITULOS	2017 IMPORTE	2017 %	Increm. % Interanual	2018 IMPORTE	2018 %
OPERACIÓNS NON FINANCEIRAS					
I. Gastos de Persoal	136.797.636	28,1%	4,3%	142.633.098	28,8%
II. Compra de Bens Corr. E Servicios	86.103.078	17,7%	2,3%	88.054.343	17,8%
Gastos funcionamento dos servizos	*222.900.714*	*45,8%*	*3,5%*	*230.687.441*	*46,5%*
III. Xuros	524.588	0,1%	-44,1%	293.413	0,1%
IV. Transferencias Correntes	106.019.671	21,8%	13,4%	120.203.272	24,3%
V. Fondo continxencia e imprev	4.840.000	1,0%	1,0%	4.889.000	1,0%
Operacións Correntes	**334.284.972**	**68,7%**	6,5%	**356.073.126**	**71,9%**
VI. Investimentos Reais	57.684.067	11,9%	-0,3%	57.489.721	11,6%
VII. Transferencias de Capital	59.714.760	12,3%	-19,2%	48.255.598	9,7%
Operacións de capital	**117.398.827**	**24,1%**	-9,9%	**105.745.319**	**21,3%**
Operacións non financeiras	**451.683.799**	**92,8%**	2,2%	**461.818.446**	**93,2%**
OPERACIÓNS FINANCEIRAS					
VIII. Variación Activos Financeiros	24.157.940	5,0%	7,8%	26.033.940	5,3%
IX. Variación Pasivos Financeiros	10.730.546	2,2%	-28,1%	7.718.606	1,6%
Operacións financeiras	**34.888.486**	**7,2%**	**-3,3%**	**33.752.547**	**6,8%**
TOTAL GASTOS	**486.572.285**	**100%**	1,8%	**495.570.992**	**100%**

O ***capítulo IV de transferencias correntes*** tivo un crecemento absoluto de 14,2 millóns de euros para o conxunto das catro deputacións e presenta a taxa interanual máis elevada de todos os capítulos, un 13,4%., que provocou un aumento da súa porcentaxe sobre o gasto total de 2,5 puntos porcentuais. Neste capítulo o destino predominante son os concellos, establecendo as catro deputacións programas de axudas aos concellos a través de subvencións.

Este incremento das transferencias correntes produciuse en tres dos orzamentos provinciais, manifestando pola contra o de Lugo un lixeiro descenso de case 0,2 millóns e unha taxa do -0,7%.

Foi no orzamento ourensán no que medrou este capítulo en maior proporción, un 57,6% maior que en 2017, 4,8 millóns de euros máis que en 2017, sendo as transferencias aos concellos de Ourense (que son as de maior importe) as que maior incremento tiveron dentro deste capítulo. Como consecuencia, reflíctese un considerable aumento do peso relativo deste capítulo na composición dos gastos, con 5,5 puntos porcentuais máis que na estrutura de gastos do ano 2017.

No orzamento provincial de Coruña, tamén tivo un incremento considerable o capítulo IV, con 8,3 millóns máis, o que supón unha taxa interanual do 17,1%. Tamén neste caso foron as subvencións aos concellos as que máis aumentaron ao comparalas coas de 2017. Este crecemento ademais intensifica a porcentaxe deste capítulo na estrutura de

gastos do orzamento, que sube 4,3 puntos porcentuais, e chega ao 31,7% do seu orzamento de gastos.

No orzamento da Deputación de Pontevedra tamén houbo un incremento de 1,2 millóns de euros e un 4,4% de taxa interanual, que fixo crecer lixeiramente (0,3 puntos porcentuais) a porcentaxe sobre o seu total de gastos.

O capítulo VIII de ***variación de activos financeiros*** foi o outro capítulo que tivo un crecemento desde 2017, un 7,8% maior, e 1,9 millóns de euros máis. As principais consignacións neste capítulo son os préstamos aos concellos, ás familias e institucións sen fin de lucro e os anticipos de salarios para o persoal que traballa nas corporacións provinciais. Este crecemento fai que tamén medre a súa porcentaxe sobre o total de gastos, chegando ao 5,3% do total.

Nos orzamentos de Ourense e Pontevedra non houbo variacións neste capítulo na comparación co 2017. No orzamento da Coruña obsérvase un incremento do 9,1%, pasando dos 22,1 millóns de 2017 aos 24,1 millóns de 2018, debido sobre todo ao incremento nos anticipos reintegrables aos concellos.



Entre os capítulos que experimentaron descensos ao comparalos cos datos de 2017, obsérvase o seguinte:

Produciuse un acusado descenso no capítulo IX de ***variación de pasivos financeiros***, que minorou a súa cifra en 3 millóns de euros e que alcanza un importe de 7,7 millóns de euros no orzamento global das catro deputacións de 2018, o que supón unha caída do 28,1%, que á súa vez traslada a unha perda de peso relativo dun 0,6 puntos porcentuais na estrutura de gastos. As amortizacións de préstamos son o principal compoñente deste capítulo IX. Téñase en conta que pola parte dos ingresos desde fai algúns anos xa non se consignan préstamos para o financiamento de investimentos e gastos de capital.

Esta minoración do capítulo IX maniféstase nos orzamentos de Ourense e Pontevedra, xa que no da Coruña xa hai anos que non teñen consignación deste capítulo e no de Lugo non houbo variación.

A maior diminución en termos absolutos produciuse no orzamento pontevedrés no que pasou dos 8,4 millóns aos 6,4 de 2018, que supón un descenso do 23,6% que á súa vez causa unha lixeira modificación na composición dos seus gastos coa perda de 1,4 puntos porcentuais. Aínda así, segue a ser o orzamento provincial galego no que este capítulo ten maior porcentaxe, o 1,4% na estrutura de gastos.

No orzamento ourensán houbo a maior diminución relativa, un 46,8% con 1 millóns de euros menos, que fixo diminuír o peso porcentual sobre o total dos seus gastos en 1,4 punto porcentuais.

O capítulo III, ***de xuros polos préstamos*** vixentes ou outro tipo de gastos financeiros, tamén experimentou unha significativa diminución en termos porcentuais, cun 44,1% menos que o dato de 2017, aínda que en termos de valor absoluto o importe é pouco significativo 231 mil euros menos que en 2017.

Este descenso dos gastos financeiros e xuros prodúcese nas deputacións de Ourense e Pontevedra, no orzamento coruñés non houbo variación respecto do ano pasado e en Lugo incrementouse en 27.500 euros.

Os dous capítulos que conforman o agregado de ***operacións de capital, o VI e VII*** manifestaron descensos, tanto en valor absoluto como en taxa de variación, que levou a unha perda de peso porcentual na estrutura de gastos deste agregado en cerca de 3 puntos porcentuais.

O capítulo VI de ***investimentos reais***, os que levan a cabo directamente as deputacións provinciais, foi o que menor caída tivo, con 0,2 millóns de euros menos no orzamento inicial das catro deputación en 2018, que supón un 0,3% de retroceso interanual, quedando en 57,5 millóns de euros o importe deste capítulo. Pódense salientar ente os gastos incluídos neste capítulo os destinados ás estradas de titularidade provincial, investimentos e reposicións, os plans de investimentos de cooperación cos concellos, como o Plan de Obras e servizos (POS) e outros.

Dos catro orzamentos provinciais en Lugo Ourense e Pontevedra houbo un lixeiro incremento neste capítulo ao comparalo co do ano 2017, no orzamento da Coruña obsérvase unha diminución do 6,1%. No orzamento coruñés houbo 1,1 millóns de euros menos neste capítulo que provocou tamén unha diminución de sete décimas na porcentaxe sobre o seu total de gastos. O descenso máis destacado é nos importes destinados ás infraestruturas da rede viaria de titularidade provincial e municipal.

No caso de Lugo, o incremento foi de 0,2 millóns de euros, un 1,0% máis ao dato de 2017, que á súa vez ocasionou unha subida no peso relativo deste capítulo na composición de gastos, con 0,5 puntos porcentuais máis que no 2017. a deputación de Lugo segue a ser o orzamento no que maior peso teñen os investimentos reais do capítulo VI.

No orzamento ourensán houbo algo máis de 50 mil euros de incremento que representa unha variación 0,3% e case un punto porcentual menos na estrutura de gastos.

No orzamento da corporación provincial de Pontevedra reflíctese un incremento do 7,3%, que supón 0,7 millóns de euros no orzamento de gasto desta deputación.

O ***capítulo VII*** para o conxunto das catro deputacións experimentou unha minoración de 11,5 millóns e do 19,2%, na porcentaxe sobre o total de gastos.

Na variación deste capítulo de gastos obsérvanse dúas tendencias, por unha banda os orzamentos da Coruña, Lugo e Ourense nas que minoran as transferencias de capital e o de Pontevedra que presenta un incremento.

No caso da Coruña a redución entre 2017 e 2018 foi de 10,1 millóns de euros, un 50,1% menos da cifra do ano anterior. Como resultado destas variacións nos capítulos VI e do VII, o agregado de operacións de capital presenta unha diminución de 11,2 millóns que supoñen un 29,4% menos que o importe de 2017, e do que resulta unha minoración na estrutura orzamentaria deste tipo de gastos en 6,5 puntos porcentuais.

No orzamento lucense, a redución foi de 2 millóns de euros, o que implica unha perda de peso relativo deste capítulo e tamén do seu agregado de gastos por operacións de capital, que minorou 1,9 puntos porcentuais na porcentaxe de gastos, quedando no 24,1% do total.

No orzamento ourensán o descenso foi de 0,9 millóns e un 56,6% menos, cunha minoración do seu peso porcentual de 1,2 puntos. O agregado dos capítulos VI e VII presenta un descenso do 5,1% e 1,9 puntos porcentuais de redución do peso destas partidas, quedando no 18,9%.

Finalmente nesta comparativa co orzamento de 2017, o importe do *capítulo I* destinado ao pagamento de gatos de persoal, presenta un aumento do 4,3%, superior ao 1,8% do global e segue a ser o capítulo de maior presenza na composición de gastos dos orzamentos provinciais, xa que de cada 100 euros de gastos, 28,8 se destinan a este capítulo. O importe no orzamento global das catro deputacións ascende a 142,6 millóns de euros.

En todas as deputacións experimentaron incrementos que oscilaron entre 2,6% do orzamento da deputación de Pontevedra ao 6,2% do orzamento ourensán, no que segue a manter as porcentaxes máis altas deste capítulo na composición de gastos que alcanzan o 39,4% do total dos seus recursos.

O agregado de gastos de funcionamento, capítulos I e II, experimentou un crecemento do 3,5% para o conxunto das catro deputacións, debido tanto ao incremento do capítulo II destinado á compra de bens correntes e servizos, non inventariables cono ao capítulo I. Con este incremento tamén sube a súa porcentaxe na estrutura de gastos, que fai que case a metade do orzamento suma das catro deputacións teña a finalidade de sustentar este tipo de gastos (46,5%).

Este agregado de gastos de funcionamento medrou nos catro orzamentos provinciais, cunhas taxas de variación que van do 1,4% no caso de Ourense (o de menor variación) ao 5,1% da Coruña.

Principais características da estrutura de gastos

Unha vez comentadas as variacións respecto do ano 2017, se sintetizan a grandes trazos a composición dos orzamentos de gastos e os principais destinos das cifras dos orzamentos provinciais, destacando as seguintes características na estrutura de gastos no orzamento total de suma dos catro provinciais:

- O 93,2% dos gastos o constitúen operacións non financeiras, cunha cifra de 461,8 millóns de €, cun incremento do 2,2% respecto a 2017.
- Os principais compoñentes, á súa vez son:
  - O 71,9% do total de gastos son operacións correntes (capítulos do I ao V), cun importe de 356,1 millóns de €, cifra que é maior á de 2017, polo que tamén medra, 3,1 puntos porcentuais, o seu peso relativo.
  - O 21,3% son operacións de capital (capítulos VI e VII), cunha cifra de 105,7 millóns de €, que como xa se comentou tiveron un descenso respecto ao ano 2017, que fai diminuír a súa porcentaxe no total de gastos en case tres puntos.
- O 6,8% restante son gastos destinados a operacións financeiras, que experimentaron un descenso interanual do 3,3%, sobre todo pola diminución do capítulo no que se recollen as amortizacións dos préstamos vixentes, capítulo IX.





A estrutura de gastos de cada un dos orzamentos presenta diferenzas, entre as que se poderían salientar as seguintes:



O orzamento de Lugo é o que presenta a menor porcentaxe de **operacións non financeiras**, mentres na Coruña as operacións financeiras (capítulos VIII e IX) son as de maior porcentaxe das catro, co 13,5%, superior en 6,6 puntos á porcentaxe media que presenta este agregado para o orzamento total das catro deputacións.

No outro extremo, no orzamento de Lugo a porcentaxe de operacións financeiras respecto do total dos seus gastos nin tan sequera alcanzan o 1%,. No orzamento de Lugo unha gran parte dos gastos destinados a operacións non financeiras son operacións de capital, capítulos VI e VII, sendo o segundo orzamento con maior peso porcentual dos gastos de capital, que absorben o 24,1%, porcentaxe superior en máis de 2 puntos á do orzamento total das catro deputacións.

É no orzamento provincial de Pontevedra no que os gastos de capital teñen maior presenza, xa que representan o 28,4% do total.

Os gastos destinados ao financiamento de **operacións correntes**, que presenta unha porcentaxe do 71,9% para o total dos catro orzamentos, e neste caso destaca a máis alta porcentaxe no orzamento ourensán, no que o 79,3% dos gastos van destinados a gastos de natureza corrente, en Lugo a porcentaxe é do 75,3%, na Coruña do 71,5% e finalmente a menor porcentaxe rexístrase en Pontevedra co 66,7%.



No que se refire aos Gastos de funcionamento dos servizos (capítulos I e II), que como se dicía medraron nun 3,5%, presentan diferenzas significativas na comparativa entre os catro orzamentos, xa que en Ourense a porcentaxe ascende ata o 62,8% mentres que no orzamento da Coruña a porcentaxe é do 37,8%, 8,7 puntos por debaixo da media; un ano máis é o que presenta a menor porcentaxe do orzamento destinado ao pagamento de gastos de persoal e de bens correntes e servizos.

As transferencias correntes, que para a media de Galicia representan o 24,3% e que tiveron un crecemento interanual, teñen no orzamento ourensán o seu menor importe e peso relativo, xa que cos seus 13,2 millóns soamente absorben o 16,4% do total dos seus gastos, mentres que nas outras deputacións a porcentaxe varía entre o 31,7% da Coruña ao 18,6% de Pontevedra, reflectindo un 26,6% o de Lugo.

Ao igual que no apartado de ingresos engadimos uns apuntamentos sobre a composición de gastos das facendas provinciais galegas en comparación coas facendas dos concellos galegos e coa media nacional de orzamentos de deputacións provinciais.



Na composición das facendas dos concellos os gastos destinados a operacións correntes teñen maior peso que nas facendas provinciais, xa que chegan ao 85,3%. mentres que os gastos destinados a operacións de capital (capítulos VI e VII, investimentos propios das corporacións e os que se realizan a través doutras entidades por transferencias) teñen un peso porcentual nos concellos que é algo máis da metade da porcentaxe das corporacións provinciais.

As operacións financeiras teñen un maior peso na estrutura de gastos das deputacións, 6,5% fronte ao 2,7% nos concellos.



Como continuación da maior porcentaxe dos gastos por operacións correntes, obsérvase que os gastos de funcionamento, capítulos I e II de pagamento de persoal e de compra de bens correntes e servizos, presentan maior peso nas facendas dos concellos,

que representan o 78,3% do total de gastos, fronte ao 49,0% nas deputacións. O resto de variables na estrutura dos orzamentos dos concellos presentan porcentaxes menores.

Ao comparar a estrutura de gastos das deputacións galegas coa do resto de España, obsérvase en primeiro lugar que é similar, en Galicia os gastos correntes supoñen unha porcentaxe lixeiramente maior que en España a costa dos gastos das operacións financeiras, os gastos de capital (investimentos reais e transferencias de capital) teñen un peso similar en Galicia e no conxunto do Estado roldando o 20%.





IV.2. ESTRUTURA POR PROGRAMAS DOS ORZAMENTOS DE 2018 DAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

Como se comentou ao inicio desta memoria, a clasificación por programas é obrigatoria e recolle a finalidade e obxectivos a que atenden os gastos. Clasificaranse por áreas de gasto (hai seis áreas), políticas de gasto, grupos de programas e programas. Nesta memoria descríbese ao nivel de áreas de gasto.



Como ven sendo habitual, a área de gasto que absorbe unha maior consignación no orzamento inicial de 2018 para o conxunto das catro deputacións, é a 9 destinada a "Actuacións de carácter xeral", que como nos anos anteriores, constitúe a principal finalidade dos gastos. Esta área de gasto absorbe o 37% do total dos orzamentos das catro deputacións no que atinxe a súa estrutura por programas. Esta porcentaxe é igual á porcentaxe que tivo o ano pasado.

Nesta área de gasto 9 inclúense os gastos relativos ás actividades da Entidade local provincial consistentes no exercicio de funcións de goberno ou de apoio administrativo, de soporte lóxico e técnico a toda a organización, xunto as de transferencias a outras administracións e institucións públicas.

CLASIFICACIÓN POR PROGRAMAS DE GASTO (Orzamentos 2018 sen consolidar)		
Área	**Política de gasto**	**TOTAL DEPUTACIÓNS**
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		39.963.358
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	7.610.128
	15 Vivenda e urbanismo	3.407.692
	16 Benestar comunitario	20.749.521
	17 Medio ambiente	8.196.018
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN SOCIAL.		76.991.860
	21 Pensións	8.651.854
	22 Outras prestacións económicas a favor de empregados	3.526.388
	23 Servizos Sociais e promoción social	40.668.441
	24 Fomento do Emprego	24.145.177
3 PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER PREFERENTE		65.220.176
	31 Sanidade	2.230.428
	32 Educación	10.527.637
	33 Cultura	36.938.927
	34 Deporte	15.523.185
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		125.127.459
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	10.701.417
	42 Industria e enerxía	2.342.600
	43 Comercio, turismo e PEMES	8.632.430
	44 Transporte público	0
	45 Infraestruturas	100.432.551
	46 Investigación, desenvolvemento e innovación	147.000
	49 Outras actuacións de carácter económico	2.871.461
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		181.272.221
	91 Órganos de goberno	12.850.041
	92 Servizos de carácter xeral	60.971.576
	93 Administración financeira e tributaria	32.802.525
	94 Transferencias a outras Administracións Públicas	74.648.079
0 DÉBEDA PÚBLICA		6.995.919
	01 Débeda Pública	6.995.919
	TOTAL	495.570.992

O importe da área 9 acende a 181,3 millóns de euros, que supón 11,4 millóns máis que en 2017 (o 6,7 de crecemento interanual). A política de gasto de maior importe é a 94 Transferencias a outras Administracións Públicas que con 74,6 millóns é a segunda política de gasto en importe no orzamento conxunto das catro deputacións (por detrás da 45 de infraestruturas), e representa o 15% do total e o 41% desta área de gasto. Séguelle a política 92 Servizos de carácter xeral, con 61,0 millóns de euros, o 33,6% desta área de

gasto e o 12% do total de gastos das catro deputacións; a política de gasto 93 destinada á Administración financeira e tributaria é a seguinte partida en importancia e chega a representar o 7% do total de gastos.

Nos orzamentos provinciais de Pontevedra, A Coruña e Lugo esta área de gasto é a que presenta un maior porcentaxe nos seus gastos segundo a clasificación funcional. En Ourense a área 9 é superada pola 4 (actuacións de carácter económico).



Para o conxunto dos catro orzamentos, a área 4, Actuacións de carácter económico, acada os 125,1 millóns de euros e o 25% sobre o total de gastos. Intégranse nesta área os gastos de actividades, servizos e transferencias que conducen a desenvolver o potencial dos distintos sectores da actividade económica. Tamén comprende os gastos en infraestruturas básicas e de transportes; infraestruturas agrarias; comunicacións; investigación, desenvolvemento e innovación.

A política de gasto 45, a destinada ás infraestruturas, como ven sendo habitual, é a de maior importe. Neste ano alcanza un importe de 100,4 millóns de euros en total que implica que o 20% dos recursos da facendas provinciais están destinadas ao financiamentos das infraestruturas, un 9,1% por debaixo do orzamento en 2017.

Como en anos anteriores, é no orzamento coruñés onde se observa a maior porcentaxe desta área de gasto, a pesar de qué nesta deputación é onde esta partida experimenta un maior descenso, un 13,3%. Así, en 2018 ten un importe de 47,6 millóns de euros, (7,3 millóns menos que en 2017) e absorbe o 26,6% do seu total na súa estrutura de gastos.

A continuación, reflectindo o peso do sector primario na economía galega, esta a política de gasto 41 "Agricultura, gandería e pesca" con 10,7 millóns de euros e o 2% sobre o total, tendo a maior presenza e importe nos orzamentos de Lugo e de Pontevedra, cunha porcentaxe destes gastos en ambas provincias do 3% e 4% respectivamente do seu total.

As Actuacións de protección e promoción social, incluídas na área de gasto 2, , presentan unha cifra de 77 millóns que representa o 16% sobre o total. Inclúense nesta área todos aqueles gastos e transferencias que constitúen o réxime de previsión, as pensións de funcionarios, atencións de carácter benéfico-asistencial; atención a grupos con necesidades especiais, como mozos, maiores, persoas con discapacidade e terceira idade; tamén comprende as medidas de fomento do emprego. Neste orzamento de 2018, entre estas destaca a política de gasto dirixida aos servizos sociais e promoción social, con máis da metade do importe da área e o 8% do total de gastos.

No orzamento ourensán é onde o importe e porcentaxe desta área de gasto 2, é menor, con soamente o 9,1% do seu orzamento dirixido a esta finalidade e un importe de 7,4 millóns. Moi diferente á porcentaxe deste tipo de gastos nos outros tres orzamentos provinciais (18% en Lugo, 18,6% na Coruña e Pontevedra, 14%). A política 23 é a de maior importe da área de gasto nos orzamentos provinciais agás no de Lugo e Ourense onde o Fomento do emprego, política 24 é a de maior importe, con 7,4 e 4,7 millóns de euros respectivamente e o 9% e o 6% respecto do seu total de gastos.

Cun importe e porcentaxe moi preto, está a área de gasto de Produción de bens públicos de carácter preferente, área 3, que contén todos os gastos relacionados coa sanidade, educación, cultura, tempo de lecer, deporte, e, en xeral, todos aqueles tendentes á elevación ou mellora da calidade de vida. É a cuarta finalidade dos gastos para o conxunto das catro deputación. Presenta un importe e porcentaxe moi semellante ao do grupo ou área 2, cun total de 65,2 millóns de euros, e unha porcentaxe do 13%.

Dentro desta área, a política de gasto de maior orzamento é a dirixida á promoción da cultura, (33), que representa máis do 56% da área de gasto e o 7% do total de gastos.

Nesta área de gasto non se reflicten variacións importantes das porcentaxes a ela destinadas entre os catro orzamentos, mesmo salientando a cultura nos catro orzamentos como a política de gasto de maior cifra.

A área de gasto 1Servizos públicos básicos, que comprende todos aqueles gastos orixinados polos servizos públicos básicos que, con carácter obrigatorio, deben prestar os concellos, ao abeiro do artigo 31.2 de la Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, atendendo á función das provincias de cooperación e asistencia aos concellos.

O importe total destinados a esta área é de 40 millóns que representan o 8% do total, destacando a política de gasto destinadas ao benestar comunitario, con 20,7 millóns e o 4% do total do orzamento.

Nesta área de gasto, como en anos anteriores destaca a elevada porcentaxe do orzamento da deputación de Ourense que destina a ela o 26,2% do total, sendo no seu orzamento a segunda prioridade de gasto, destacando que o importe da política de gasto de benestar comunitario representa case a cuarta parte dos seus gastos (22%). Isto reflicte unha gran diferenza entre os catro orzamentos provinciais no que atinxe tanto a esta área, como ao benestar comunitario, xa que no outro extremo do reflectido en Ourense, destaca o orzamento coruñés no que a única política de gasto que alcanza o 1,5% é a de medio ambiente, sen reflectir importes destinados ás políticas de gasto 15 e 16, desta área nº 1.

Por último, a Débeda pública é unha área na que ano a ano se vai reducindo o seu importe e peso relativo na composición dos gastos, que como no ano anterior segue a reducirse, neste caso 1 punto porcentual respecto á estrutura de 2017, representando o 1% do total do orzamento de gastos de 2018. O importe desta aérea é de 7,0 millóns de euros 3,2 menos que en 2017, o que supón unha diminución interanual do 31,3%. Comprende os gastos de xuros, amortización da débeda pública e demais operacións financeiras e de natureza análoga, con exclusión dos gastos que ocasione a formalización das mesmas.

No orzamento coruñés non hai consignación de débeda pública, no de Lugo ten un importe escaso que non alcanza o 1% do seu orzamento e nos dous orzamentos restantes apréciase unha diminución dos gastos destinados a débeda, representando o 4% en Pontevedra e o 1% en Ourense.

2018 - Comparativa dos gastos Orzamentos das deputacións por programas de gasto (orzamentos sen consolidar)											
Área	Política de gasto	A CORUÑA	%	LUGO	%	OURENSE	%	PONTEVEDRA	%	TOTAL	%
1 SERVIZOS PÚBLICOS BÁSICOS		3.582.545	2%	8.034.936	10%	21.107.073	26%	7.238.804	5%	39.963.358	8%
	13 Seguridade e mobilidade cidadá	820.000	0%	3.051.044	4%	2.233.083	3%	1.506.000	1%	7.610.128	2%
	15 Vivenda e urbanismo	0	0%	2.095.503	3%	0	0%	1.312.189	1%	3.407.692	1%
	16 Benestar comunitario	0	0%	25.000	0%	17.765.906	22%	2.958.615	2%	20.749.521	4%
	17 Medio ambiente	2.762.545	2%	2.863.389	4%	1.108.084	1%	1.462.000	1%	8.196.018	2%
2 ACTUACIONES DE PROTECCIÓN Y PROMOCIÓN		33.297.187	19%	14.494.208	18%	7.378.495	9%	21.820.971	14%	76.990.861	16%
	21 Pensións	8.650.652	5%	0	0%	0	0%	202	0%	8.650.854	2%
	22 Outras prestacións económicas a favor de	1.619.245	1%	1.126.443	1%	1.000	0%	779.700	0%	3.526.388	1%
	23 Servizos Sociais e promoción social	15.214.476	9%	5.917.864	7%	2.655.000	3%	16.881.101	11%	40.668.441	8%
	24 Fomento do Emprego	7.812.814	4%	7.449.901	9%	4.722.495	6%	4.159.968	3%	24.145.178	5%
3 PRODUCIÓN DE BENS PÚBLICOS DE CARÁCTER		23.316.738	13%	12.741.964	16%	10.984.490	14%	18.176.983	12%	65.220.176	13%
	31 Sanidade	0	0%	0	0%	2.230.428	3%	0	0%	2.230.428	0%
	32 Educación	4.897.739	3%	2.629.107	3%	743.519	1%	2.257.272	1%	10.527.637	2%
	33 Cultura	13.932.369	8%	6.121.483	8%	5.464.242	7%	11.420.833	7%	36.938.927	7%
	34 Deporte	4.486.630	3%	3.991.375	5%	2.546.302	3%	4.498.878	3%	15.523.185	3%
4 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER ECONÓMICO		54.873.376	31%	19.703.168	25%	23.029.569	29%	27.521.346	18%	125.127.459	25%
	41 Agricultura, Gandeiría e Pesca	1.864.000	1%	2.274.648	3%	776.641	1%	5.786.128	4%	10.701.417	2%
	42 Industria e enerxía	183.100	0%	0	0%	2.030.000	3%	129.500	0%	2.342.600	0%
	43 Comercio, turismo e PEMES	2.383.740	1%	2.242.506	3%	545.000	1%	3.461.184	2%	8.632.430	2%
	44 Transporte público	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%	0	0%
	45 Infraestruturas	47.642.628	27%	14.972.462	19%	19.677.928	24%	18.139.533	12%	100.432.552	20%
	46 Investigación, desenvolvemento e	88.000	0%	54.000	0%	0	0%	5.000	0%	147.000	0%
	49 Outras actuacións de carácter económico	2.711.907	2%	159.552	0%	0	0%	1	0%	2.871.461	1%
9 ACTUACIÓNS DE CARÁCTER XERAL		63.879.155	36%	23.916.453	30%	17.020.543	21%	76.456.071	49%	181.272.222	37%
	91 Órganos de goberno	2.373.927	1%	2.435.861	3%	5.189.035	6%	2.851.218	2%	12.850.041	3%
	92 Servizos de carácter xeral	20.178.066	11%	15.613.300	20%	9.591.525	12%	15.588.686	10%	60.971.577	12%
	93 Administración financeira e tributaria	14.530.362	8%	5.520.582	7%	2.191.902	3%	10.559.679	7%	32.802.525	7%
	94 Transferencias a outras Administracións	26.796.800	15%	346.711	0%	48.081	0%	47.456.488	30%	74.648.079	15%
0 DÉBEDA PÚBLICA		0	0%	150.964	0%	1.186.830	1%	5.658.125	4%	6.995.919	1%
	01 Débeda Pública	0	0%	150.964	0%	1.186.830	1%	5.658.125	4%	6.995.919	1%
